

XORNADAS DE ECONOMÍA

MONTSERRAT FONDEVILA CRESPO

MARÍA CARMEN PADÍN FABEIRO

Alumnas da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 14 maio 1996

Aceptado: 10 Xullo 1996

Resulta difícil para un estudante de Economía poder responder de forma illada ós grandes problemas, de tal xeito que necesita axuda externa, e o termo "externa" refírese a contribucións e formulacións distintas a todo o que lle poden suxerir-las docentes. Non se pretende excluí-lo coñecemento que lle fan chegar, senón amplialo dunha forma que o invite a afondar nos temas que reflicten eses problemas.

Vivimos nunha era onde a acumulación de información é inabarcable, en contraste cun plan de estudos con límites a novas concepcións; isto foi o que nos levou a programar e realizar unhas *Xornadas de Economía* no noso ámbito académico, intentando motivar ós asistentes e a nós mesmos á curiosidade científica, sen a que pensamos que un economista non estaría dentro do definido como tal.

O programa constaba de catro bloques temáticos que se corresponderon cos catro días de duración. Ó mesmo tempo quíxose reflectir pasado, presente e futuro na Economía como ciencia.

Así, o primeiro día, que entendemos coma o pasado, dedicouse á construción conceptual da ciencia económica intentando facer unha revisión dos principios dominantes, levados pola idea de que estes tenden a conxelarse no tempo. Intentouse cuestiona-lo mercado como o motor do sistema, a única realidade na que nos podemos mover.

Referirse ó presente sen ter en conta a nosa localización espacial non sería lóxico; na actualidade estamos inmersos nun afán integrador intentando formar un todo de actuación conxunta no que as distintas partes crecen a distinto ritmo en busca dun obxectivo: Europa. Ó intentarmos conseguir unha cultura común, prestamos menos atención ás culturas propias, na crenza de que isto leva consigo a igualdade e a integración, cando pode ser iso mesmo unha causa de desequilibrio.

Dentro do presente quíxose pór de manifesto unha tendencia que aínda que non é nova está no seu apoxeo: a Bioeconomía, que representa unha concepción interdisciplinaria das ciencias. Estase a mesturar temas que nun primeiro achegamento non parecen ir xuntos pero que, sen embargo, son parte do mesmo, xa que a Bioeconomía nos aprende a aproveitar-las recursos dun xeito racional que, como se sabe, é o principio básico da Economía (administración dos recursos escasos dunha forma óptima).

¹ Organizadas polo Movemento Estudiantil Universitario (MEU), tiveron lugar os días 11, 12, 13 e 14 de marzo de 1996 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

* Foi esta idea da distribución óptima a que fixo inevitable incluí-lo tema dos custos sociais do desenvolvemento, ó entenderse a Economía como a ciencia social que ten por finalidade a mellora da vida da humanidade. Así, falouse dos novos programas da ONU para o desenvolvemento económico, da dependencia dos países subdesenvolvidos, das tensións irresolutas centro-periferia tanto na relación Norte-Sur como Europa Occidental-Europa Oriental, do carácter paupérrimo das axudas dos países desenvolvidos, así como todas as implicacións que ten a tercermundialización tales como o forte endebedamento externo, a reacción das clases militaristas, a necesidade técnica de desconexión da economía mundial, etc.

É difícil saber ata que punto se conseguiu provocar correntes de opinión e construír aprendizaxe fóra das aulas —aínda que non de costas a elas—. Si sabemos que conseguimos despertar interese nos asistentes, resaltando a participación nos coloquios.

Non sucedeu o mesmo coa participación do profesorado en xeral, que deixou patente a apatía que existe no ámbito da docencia cara a formas distintas de aprendizaxe. A falta de interese sorprende, xa que se pide participación nas aulas e se nos anima a proxectar actividades, para logo atopármonos sen o seu apoio. Foron poucos os que asistiron, pero alimentaron a nosa esperanza de que todo non está perdido. Aínda que a tónica xeral sexa a inversa, algúns seguen a optar polo apoio ás programacións dos estudantes.

Como mostra do contido das Xornadas, ofrécese a continuación un resumo da última, que levou por título *¿Economía mundial ante o novo milenio, ou novo milenio ante a economía mundial?*

A primeira conferencia estivo a cargo do decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade Complutense de Madrid, profesor doutor *Carlos Berzosa*. A charla foi unha toma de contacto coa situación actual da economía a nivel mundial. Non por ser unha reflexión xeral deixou de afondar en problemas concretos: así prestouse un especial interese á vixencia das teorías da dependencia dos países subdesenvolvidos, sinalando a actualidade das carencias das políticas económicas propias. Dáse o paradoxo de que son estes países os que fornecen capital ós desenvolvidos. A causa desta situación, ou unha primeira, é a crise do proceso de acumulación de capital. Segundo o profesor Berzosa, o non haber crecemento a competencia intensifícase, globalízase o fenómeno de concentración ou dispersión de capital.

No coloquio que tivo lugar a continuación, os custos da non-Europa recollidos no informe Cecchini, onde se resaltaba a vantaxe do Mercado Único tan en cuestión na actualidade, deron pé a un interesante intercambio de visións entre os asistentes e o conferenciante.

A segunda conferencia do día foi impartida polo profesor da Facultade de Dereito da Universidade Autónoma de Madrid, D. *Carlos Taibo*. O seu relatorio centrouse nunha análise da situación económica actual de Europa Central e Oriental. Para introduci-lo tema relatou polo miúdo as consecuencias da implantación do capitalismo nos países do Leste. Así, presentou, en primeiro lugar, as súas condicións macroeconómicas: descenso dramático dos niveis de produción, redución dos niveis de consumo, déficit público, espectacular suba da inflación, falsidade na información no que respecta á saída da crise... A continuación expuxo as tres lóxicas da economía social de mercado: lóxica burocrática, economía

de bazar que remite a contidos precapitalistas e preburocráticos, capitalismo salvaxe que equipara a economía da mafia.

Neste marco económico resaltouse a fonda crise social, é dicir, maior desigualdade e crecemento nos últimos anos da porcentaxe da poboación por debaixo do nivel da pobreza; a persistencia dunha lóxica económica hiperdepredadora e hiperproductivista, debido ó cambio da concepción económica existente; e, por último, sinalouse a estratexia das directrices do FMI que, pretendendo a entrada de capitais estranxeiros, deseña plans de axuste e desenvolvemento. Aínda que, por exemplo, os gobernos de Rusia e Ucraína están a cumprir os plans do FMI, na práctica esta entrada de capitais non se produce.

No remate da exposición tratáronse temas puntuais que fixaron as ideas explicadas con anterioridade: así, por exemplo, a existencia en Rusia dunha evidente tentación autoritaria, para a que non hai un caldo de cultivo favorable, aínda que a situación social levará a un período de grandes convulsións.

Como peche da xornada tivo lugar unha conferencia a cargo do vicedecano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade Complutense de Madrid, profesor D. *José Antonio Nieto Solís*, que introduciu ós asistentes no contexto de América Latina e na necesidade dun cambio.

A exposición xirou en torno a dous puntos centrais. O primeiro deles é a necesidade de deseñar unha política exterior común da Unión Europea (UE) en moitos terreos e, polo menos, próxima noutros. O segundo fixo referencia ó novo contexto de relacións entre América Latina (AL) e a UE.

Desenvolveuse o primeiro punto sinalando as relacións exteriores da UE coa AL, e facendo fincapé nun eixe comercial, que é a columna vertebral da política exterior, na política de cooperación para o desenvolvemento e nas interrelacións entre políticas internas e externas na UE e nos seus países membros.

Existen graos nos países en relación coa UE: estase a falar de países asinantes da Convención de Lomé (macroacordo bilateral), Europa do Leste e América Latina.

Hai que destaca-lo feito de que nas conclusións dos Consellos de Ministros da UE ata 1986 só se cita nas actas a AL un par de veces. Máis tarde, no ano 1990, o Parlamento Europeo suxire ó Consello da UE abrir unha liña orzamentaria específica para AL; nos anos 1991/92 procédese á apertura das delegacións da UE en tódolos países de AL, agás Cuba que depende da de México. O 12 de maio de 1992 o Banco Europeo de Investimentos foi autorizado a estende-las súas funcións a algúns países de AL. Polo tanto, pódese dicir que, nos últimos anos, se produciu un achegamento a AL.

Xa centrándonos no outro eixe da exposición, resaltáronse catro puntos:

- 1) *Integración*. AL foi pioneira das propostas de integración, a maioría sen éxito ou cun resultado nulo. Xorde o novo concepto da integración económica, non na vella órbita de desarmes arancelarios senón pola nova do "rexionalismo aberto", é dicir, relacións coa contorna económica dos países veciños sen renunciar ás relacións internacionais.
- 2) *Comercio*. AL é unha parte moi pequena do comercio exterior europeo —re-presenta só o 5% e o 45% cinco das exportacións—. Sen embargo, Europa representa o 20%

do comercio exterior de AL. Este comercio está caracterizado por unha forte concentración e asimetría: intercámbianse manufacturas europeas, sobre todo bens de equipo por materias primas e agrícolas de AL. A UE foi deficitaria nas súas relacións con AL, pero nos dous últimos anos esta tendencia inverteuse.

- 3) *Investimentos*. O investimento mundial creceu máis có comercio mundial e este fíxoo máis cá produción mundial. Europa destina un tercio do investimento a AL. Os Estados Unidos teñen máis investimentos cá UE agás nos países do MERCOSUR.
- 4) *Mecanismos específicos de cooperación para o desenvolvemento*. Existen proxectos que se van aplicar ata a fin da década, tales como a creación dunha rede de cooperación empresarial, programas do Banco Europeo de Investimentos así como programas específicos no sector naval, medio natural e axuda á reconstrucción económica.

Para concluír, hai que dicir que nesta última conferencia tivo lugar un dos máis extensos coloquios, debido ós enfoques de cooperación para o desenvolvemento que se expuxeron no debate.

